

TAREFA 1: "COMUNIDADE FREAK"



MESTRA: Nataxa (Titora de 1ºEP)

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO STEAM

CONTEXTO: 4º, 5, 6º de educación infantil e 1º de primaria

CURSO: 2022/2023



1. IDENTIFICACIÓN			
TÍTULO DA TAREFA:	COMUNIDADE FREAK		
ETAPA:	Educación infantil e educación primaria	NIVEIS:	4º, 5º e 6º EI, 1º EP
ÁREAS:	Infantil: Comunicación y representación da realidade, Crecemento en armonía, Descubrimento e exploración do entorno. Primaria: Lingua Galega, CCNN, CCSS, Matemáticas e Educación Plástica e visual.	MESTRAS:	NATAXA, LUCÍA, LAURA, ALFONSO E DIEGO.
DESCRIPCIÓN DA TAREFA:			
<p>“Comunidade Freak” é unha tarefa que abarca todo o curso, na que iremos coñecendo o mundo do cosplay e desenvolvendo todas as habilidades e destrezas que implica a confección artística dun atuendo. Nesta segunda parte centraremos no deseño e elaboración do atuendo propiamente dito e outros elementos decorativos complementarios que realizaremos con roupa reciclada cedida polas familias. Desenvolveremos habilidades de corte, elaboración de tintes con elementos naturais, decoración de teas e posta de botóns automáticos.</p>			
XUSTIFICACIÓN:			
<p>Todo o traballo realizarase en pequenos equipos de idades mixtas que vivenciaron a necesidade da toma de decisións en grupo, a escoita, o respecto e valoración do traballo e diversidade de cada un dos membros e a expresión das propias necesidades, emocións e gustos para acadar xuntos un resultado final satisfactorio para o grupo. Esta tarefa busca ofrecer modelos estéticos non estereotipados promovendo o desenvolvemento da expresión artística de cada nenx sen limitacións e condicionamentos externos en consonancia co ODS 5 “Igualdade de Xénero”. Tamén adentrámonos no mundo da industria téxtil para tomar conciencia da contaminación que implica esta actividade relacionando os contidos cos ODS 3 “Saúde e benestar” (tóxicos nas fábricas), ODS 8 “Traballo decente e crecemento económico” e ODS 10 “Reducción das desigualdades” (traballo infantil nos países produtores) e ODS 12</p>			

“Producción e consumo responsable” (Reducir consumo de roupa, reutilización e reciclaxe de tecidos) e xuntxs buscar xeitos de solventar estas problemáticas.

CONTEXTO:

Aulas de 4º, 5º, 6º de EI e aula de 1º de primaria.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/INDICADORES	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>1. Presentación da tarefa</p> <p>Sentámonos en círculo e recordamos o que fixemos no primeiro trimestre. Vemos na pantalla imaxes do carnaval de Venecia.</p> <p>Despois no círculo facemos preguntas do tipo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Parecénsen as nosas máscaras? - Que nos falta? - Como son os traxes? - Levan algo nas mans? <p>Entre todos nomeamos os elementos do cosplay que temos que elaborar.</p> <p>Vemos un vídeo sobre a contaminación da industria téxtil e como evitar esta contaminación. Importancia do coidado do noso planeta.</p> <p>Falamos dos recursos que podemos utilizar: roupa reciclada, vexetais para tinguir.</p>	<p>Educación infantil:</p> <p>(ACRR) CA1.2 Interpretar as mensaxes transmitidas mediante manifestacións ou representacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable. (OBX2)</p> <p>(ACRR) CA3.3 Participar na interacción social disfrutando das situacións comunicativas cunha actitude respectuosa.(OBX1)</p> <p>(ACRR) CA 8.3 Expresar sensacións, sentimentos e emocións ante as distintas representacións artísticas.(OBX3)</p> <p>(ACA) CA3.4. Realizar actividades relacionadas con el autocuidado y con el cuidado del entorno con actitud de respeto y mostrando autoconfianza e iniciativa.(OBX4)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria:</p> <p>(AEPV) CE1.1 Descubrir propostas artísticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.(OBX1)</p> <p>(ALG) CE2.1 Comprender o sentido dos textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas sinxelas, iniciando, de xeito acompañado, a valoración do contido da información máis relevante e os elementos verbais elementais.(OBX2)</p> <p>(ALG) CE2.6 Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas de cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuenciación coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.(OBX3)</p> <p>(ACCNN) CE3.3 Mostrar hábitos de vida sostible e tomar conciencia da importancia e respecto, dos coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas e as súas accións sobre elementos e recursos do medio.(OBX4)</p>	<p>- Escala de valoración</p>

<p>2.Trivial contaminación téxtil. Temos nun panel as imaxes que vimos no vídeo sobre a contaminación que supón a fabricación dunha camiseta. Co beebot imos percorrendo o panel segundo a tarxeta que nos toque e imos repasando o contido do vídeo. Contido: Planta do algodón, necesidade de auga no proceso e contaminación, tóxicos nos tintes, explotación e traballo infantil. Vexetais e pigmentos naturais como alternativa aos tóxicos. Producción sostible e reducir consumo. Reutilizar roupa.</p>	<p>Educación infantil: (ACRR) CA2.2 Descubrir e utilizar vocabulario propio das linguas cooficiais recoñecendo a súa importancia.(OBX5)</p> <p>1º Educación primaria: (ACCSS) CE1.1 Utilizar dispositivos e recursos dixitais de xeito seguro e de acordo as necesidades do contexto educativo.(OBX1) (ALG) CE2.2 Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir de experiencias e situacións de aula. (OBX2) (ACCNN) CE1.2 Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de xeito guiado, utiizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.(OBX1) (ACCNN) CE3.3 Mostrar hábitos de vida sostible e tomar conciencia da importancia e respecto, dos coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas e as súas accións sobre elementos e recursos do medio.(OBX4)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>3. Memory Venecia. Temos imaxes dos diferentes elementos característicos de Venecia que vimos nas diapositivas e temos que buscar parellas dándolles a volta as tarxetas: Góndola,gondoleiro, embarcadores,máscaras, canais, mapa de Italia, bandeira de Italia, letras de Venecia, letras de Italia,</p>	<p>Educación infantil: (ADEE) CA1.2. Relacionar obxectos a partir das súas cualidades ou atributos básicos mostrando curiosidade e interés.(OBX1)</p> <p>1º Educación primaria: (AM) CE1.7 Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas , establecendo conexións sinxelas entre elas.(OBX5)</p>	<p>- Escala de valoración</p>

camiseta rayas, gorro de palla, praza de San Marcos etc.		
<p>4. Tinguir teas Aprendemos a extraer o pigmento dunha lombarda, raíz de cúrcuma e remolacha. Realizamos todos os pasos na estación. Cortar, ferver e engadir o mordiente correspondiente. Tinguir a tea.</p>	<p>Educación infantil: (ACA) CA1.2. Coordinar y controlar su cuerpo y sus posibilidades motrices adaptándolo a las características de los objetos, a la acción y a la vida cotidiana.(OBX1)</p> <p>(ADEE) CA7.2 Elaborar creaciones plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria: (ALG) CE2.2 Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir de experiencias e situacións de aula. (OBX2)</p> <p>(ACNN) CE1.3 Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empleando instrumentos de xeito seguro e rexistrando datos de maneira sinxela.(OBX1)</p>	- Escala de valoración
<p>5. Deseños venecianos. Repartimos en pequeno grupo unha folla impresa con rombos formando o deseño típico dunha tea de arlequin. Pintamos con pinceis seguindo un patrón en branco e negro alterno de xeito que non haxa dous rombos contiguos iguais.</p>	<p>Educación infantil: (ADEE) CA7.2 Elaborar creaciones plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria: (AM) CE 1.6 Realizar conxeturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de xeito guiado.(OBX1)</p>	- Escala de valoración

<p>6. Xogo de emparellar pigmentos e alimentos:</p> <p>Alguns alimentos non dan a cor que parece a simple vista. Temos tarxetas de cores e tarxetas con diversos alimentos imos xogar a emparellar cada un coa cor que da. Repasamos todos os nomes destes alimentos en galego.</p>	<p>Educación infantil: (ACRR) CA2.2 Descubrir e utilizar vocabulario propio das linguas cooficiais recoñecendo a súa importancia.(OBX5)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria: (AM) CE1.7 Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas , establecendo conexións sinxelas entre elas.(OBX5) (ALG) CE2.2 Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir de experiencias e situacións de aula. (OBX2) (AM) CE 1.6 Realizar conxeturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de xeito guiado.(OBX1)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>7. Círculo de Benvida e panel Scrum.</p> <p>Recordamos no círculo a tarefa que estamos realizando, que fixemos e que queda por facer. Co panel de contaminación téxtil situado no centro imos de un en un elixindo unha imaxe e nomeando o que aparece. Explicamos as estación da sesión.</p>	<p>Educación infantil: (ACRR) CA1.6 Tomar a iniciativa na interacción social disfrutando das situacións comunicativas cunha actitude respectuosa.(OBX1)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria: (ALG) CE2.6 Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas de cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuenciación coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.(OBX3)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>8. Pintar círculos concéntricos.</p>	<p>Educación infantil: (ADEE) CA1.2. Relacionar obxectos a partir das súas cualidades ou atributos básicos mostrando curiosidade e interés.(OBX1)</p>	<p>- Escala de valoración</p>

<p>Poñemos brillantes autoadhesivos e facemos círculos concéntricos ao seu redor.</p>	<p>(ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <p>1º Educación primaria:</p> <p>(AM) CE1.7 Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas , establecendo conexións sinxelas entre elas.(OBX5)</p>	
<p>9. Cortamos teas pintadas para facer as capas. Medimos cun metro a altura do membro máis pequeno do grupo e marcamos cos alfinetes por onde temos que cortar. Cortamos as teas.</p>	<p>Educación infantil: (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <p>1º Educación primaria: (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>10. Poñemos botóns. Escollemos as catro pezas dos botón e o lugar onde imos a poñelos, realizamos o proceso de perforar, colocar e apretar.</p>	<p>Educación infantil: (ACA) CA3.1. Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.(OBX1)</p> <p>(ACA) CA1.4. Afrontar retos corporais manifestando actitudes de superación e, no seu caso , solicitando axuda.(OBX1)</p> <p>1º Educación primaria: (EPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>11. Contamos alimentos. No panel se mostran diversos alimentos agrupados en distintas cantidades, do un ao doce.</p>	<p>Educación infantil: (ADEE) CA1.2. Relacionar obxectos a partir das súas cualidades ou atributos básicos mostrando curiosidade e interés.(OBX1)</p>	<p>- Escala de valoración</p>

<p>Tirando os dados temos que localizar as cantidades que van saíndo e chegar alí co beebot.</p>	<p>1º Educación primaria: (AM) CE1.7 Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas , establecendo conexións sinxelas entre elas.(OBX5)</p>	
<p>12. Pintamos teas. Pintamos teas xa tinguidas cos deseños que queremos.</p>	<p>Educación infantil: (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <p>1º Educación primaria: (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	<p>- Escala de valoración</p>
<p>13. Círculo benvida e explicación traballo das estacións. Repasamos no círculo o que fixemos na sesión anterior. Que nos falta? Que temos que facer hoxe? Observando o panel scrum imos explicando o que hai que facer en cada estación.</p>	<p>Educación infantil: (ACRR) CA1.6 Tomar a iniciativa na interacción social disfrutando das situacións comunicativas cunha actitude respectuosa.(OBX1)</p> <p>1º Educación primaria: (ALG) CE2.6 Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas de cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuenciación coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.(OBX3)</p>	<p>- Escala de valoración</p>

14. Pintamos teas. Pintamos teas xa tinguidas cos deseños que queremos.	Educación infantil (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)	- Escala de valoración
	1º Educación primaria: (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)	
15. Acuarelas de lombarda. Botamos tintura de lombarda en catro vasos. No primeiro non engadimos nada, no segundo engadimos limón, no terceiro engadimos cinzas, no cuarto engadimos xabón de Marsella. Conseguimos así catro cores diferentes de acuarela para pintar. Morado, azul, verde e rosa.	Educación infantil: (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)	- Escala de valoración
	1º Educación primaria: (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3) (ACCNN) CE2.2 Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, manipulación e a experimentación.(OBX3) (AM) CE 1.6 Realizar conxeturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de xeito guiado.(OBX3)	
16. Anudamos tiras nos bastóns de madeira. Aprendemos a atar facendo un nó coa tira de teas ao bastón.	Educación infantil (ACA) CA1.4. Afrontar retos corporais manifestando actitudes de superación e, no seu caso , solicitando axuda.(OBX1) (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)	- Escala de valoración
	1º Educación primaria:	

	(AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)	
17. Pintamos os remates dos bastóns. Decorar os extremos dos bastóns con pintura.	Educación infantil (ACA) CA1.4. Afrontar retos corporais manifestando actitudes de superación e, no seu caso , solicitando axuda.(OBX1) (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)	- Escala de valoración
	1º Educación primaria: (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)	
18. Recortamos tiras de tea e rasgamos. Aprendemos a facer un pequeno corte na tea medindo coa palma da man unha distancia pequena e logo acabar o corte rasgando con forza a tea.	Educación infantil: (ACA) CA1.4. Afrontar retos corporais manifestando actitudes de superación e, no seu caso , solicitando axuda.(OBX1) (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)	- Escala de valoración

	<p>1º Educación primaria:</p> <p>(AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	
<p>19. Círculo de presentación e panel scrum da sesión. Repasamos o que fixemos na sesión anterior e presentamos as estación de traballo.</p>	<p>Educación infantil: (ACRR) CA1.6 Tomar a iniciativa na interacción social disfrutando das situacións comunicativas cunha actitude respectuosa.(OBX1)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria:</p> <p>(ALG) CE2.6 Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas de cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuenciación coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.(OBX3)</p>	

<p>20. Rematar bastóns. Rematamos de montar os bastóns cos distintos elementos que confeccionamos, as tiras e os remates pintados.</p>	<p>Educación infantil: (ACA) CA1.4. Afrontar retos corporais manifestando actitudes de superación e, no seu caso , solicitando axuda.(OBX1) (ADEE) CA7.2 Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas participando activamente no traballo en grupo. (OBX3)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria: (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3) (ACA) CA1.8. Manejar diferentes objetos, utensilios y herramientas en situaciones de juego y en la realización de tareas cotidianas, mostrando un control progresivo y de coordinación de movimientos de carácter fino. (OBX1)</p>	
<p>21. Disfrazarse e facer desfile. Facemos un simulacro de desfile polos corredores do cole.</p>	<p>Educación infantil: (ACA) CA1.4. Afrontar retos corporais manifestando actitudes de superación e, no seu caso , solicitando axuda.(OBX1)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria: (AEPV) CE2.1 Producir obras propias de xeito guiado, utilizando algunha das posibilidades expresivas do corpo a imaxe e os medios dixitais básicos, experimentando con diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. (OBX3)</p>	

<p>22. Círculo final. <i>Rutina de pensamento:</i> “Antes pensaba, agora penso” - Reflexión final no círculo. Cada un responde antes de rematar a sesión á pregunta: - Que aprendín nesta tarefa?</p>	<p>Educación infantil: (ACRR) CA1.6 Tomar a iniciativa na interacción social disfrutando das situacións comunicativas cunha actitude respectuosa.(OBX1) (ACRR) CA8.3 Expresar sensacións, sentimentos e emocións ante as distintas representacións artísticas.(OBX5)</p> <hr/> <p>1º Educación primaria: (AEPV) CE 2.5 Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, disfrutando e explicando o proceso e o resultado final obtido.(OBX5)</p>	
CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA		

INFANTIL

- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Intención expresiva de producciones plásticas y pictóricas.
- O desexo de comunicarse. A emoción e a cercanía como base do intercambio comunicativo.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Empleo dunha linguaxe rica e libre de estereotipos.
- Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, xogos colectivos e outros enriquecendo o seu repertorio lingüístico.
- Interpretacións de mensaxes orais a través da escoita activa.
- Adquisición e uso preciso de vocabulario para a denominación da realidade, pronunciación clara e funcionalidad.
- O turno de diálogo e a alternancia en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade.
- Descubrimiento y reconocimiento del propio cuerpo, de la propia imagen y la de las personas de su entorno. Identificación y respeto de las diferencias.
- Adaptación y progresivo control de la coordinación, del tono, de los desplazamientos y de la postura a las diferentes situaciones de la vida cotidiana.
- Experimentación manipulativa y dominio progresivo de coordinación visomotriz en el contacto con objetos y materiales.
- Toma de conciencia progresiva de su identidad, evitando la instalación de estereotipos de género.
- Identificación, verbalización y expresión de sentimientos, emociones, vivencias, preferencias e intereses propios y de las demás personas.
- Identificación dos riscos habituais do seu entorno e utilización de estratexias e recursos axeitados para evitarlos.

1º EDUCACIÓN PRIMARIA

- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de xeito guiado.
- Estratexias para contar y recontar a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos.
- Propostas artísticas de diferentes corrientes estéticas, procedencias e época producidos por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respeto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interés pola ampliación de vocabulario básico.
- Interacción oral axeitada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.

- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respetuosa coas diferencias.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interés, tanto do proceso como do produto final, en producións plástica e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Identificación de unidades non convencionais (palmo, pie, paso, cucharada, puñado, pedazo) presentes no contexto próximo.
- Estimación de medidas por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en entornos coñecidos e seguros.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)				
ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
1. Presentación da tarefa.	Facemos un círculo de presentación e formulamos preguntas sobre o que lembramos do trimestre anterior. Que fixemos?	Compartimos ideas no círculo por orde respectando os turnos de palabra e visualizamos diapositivas de Venecia.	Vemos as similitudes das nosas máscaras e imos preguntando que nos falta? Organizamos as ideas que van xurdindo.	
2. Trivial sobre a contaminación industria téxtil.	Visualizamos a presentación na que se explica o proceso de fabricación da roupa.	Organizamos as ideas no grupo.	Formulamos preguntas para estimular ideas: Que teas podemos utilizar para non contaminar máis? Como cambiamos a cor da tea? etc...	Imos organizando entre todxs as ideas buscando alternativas.
3. Memory Venecia.	Repartimos as tarxetas con elementos sigtificativos de Venecia que previamente presentamos nas diapositivas visualizadas en grupo.	Mesturamos as tarxetas e dámoslles a volta. Escollemos catro tarxetas, dámoslle a volta e buscamos parellas. Se non facemos parella as deixamos de novo invertidas e pasamos o turno ao seguinte compañeirx.	Imos preguntando o que aparece nas tarxetas emparelladas para lembrar os contidos aprendidos: En que país está Venecia? Como se chaman as barcas? Que cores ten a bandeira de Italia?	
4. Tinguir teas.	Presentamos todos os produtos que imos utilizar e para que serve cada un:	Cortamos os alimentos en trozos moi pequenos para extraer o pigmento.	Botamos os anacos do alimento (só de un cada vez) nunha pota con auga.	Sumerximos de un en un trozos de tea branca na pota co líquido coado. Deixámola

	lombarda, cúrcuma e remolacha. Pota con agua, cociña e mordientes (vinagre, limón, sal e bicarbonato).	Separamos cada alimento nun prato pois cada un vai a dar un pigmento diferente.	Engadímoslle un dos mordientes nas cantidades indicadas e poñémolo todo ao lume a ferver. Despois dun rato fervendo colamos todo o líquido noutra pota.	sumerxida medio minuto e a rescatamos cunha espumadera para coloca nunha tuff tray para que sequen.
5. Deseños venecianos.	Despois de ver os traxes dos arlequíns nas diapositivas imos imitar o patrón da tea de arlequín coloreando unha folla cunha trama de rombos contiguos.	Imos coloreando con témpera cada rombo de xeito que un negro suceda a un branco.		
6. Xogo de emparejar.	Non todos os alimentos pigmentan da cor que son, por exemplo o óso do aguacate tingue de rosa. Imos xogar a facer parellas entre os alimentos e a cor da que manchan eses alimentos.	Dispoñemos todas as tarxetas enriba da mesa. Pedimos a un membro do equipo de escolla un alimento, decimos o seu nome e logo entre todos imos pensar de que cor nos parece que pode manchar a roupa ese alimento.	Imos emparellando todas as tarxetas ata que non quede ningunha solta.	
7. Círculo benvida e panel scrum das estación.	Sentámonos no círculo co obxecto da palabra.	Lembramos entre todxs o que fixemos na sesión anterior.	Ensinamos o panel scrum e imos vendo que imos aprender en cada estación.	Repartímonos por grupos nas estacións de traballo.
8. Pintar círculos concéntricos.	Mostramos a tea tinguida e unha imaxe do patrón de círculos concéntricos que imos aprender a facer. mostramos tamén os adhesivos e os rotuladores de cores.	Deixamos o modelo enriba d mesa xunto cos rotuladores e os adhesivos para que os membros do grupo podan realizar a actividade.		

9. Cortamos teas para facer capas.	Dispoñemos na mesa as teas tinguidas ou decoradas, a caixa de tesoiras e os alfinetes.	De cada tea que son sábanas faremos dúas capas. Temos que marcar a metade da tea cos alfinetes e logo pasar coa tesoira por ese camiño.		
10. Poñemos botóns.	Explicamos todos os elementos que compoñen o kit de botóns, mostrando as distintas pezas e partes do botón. Poñemos unha capa xa pintada sobre a mesa.	Cada nenx selecciona as catro pezas dos botóns que fan falta. Buscamos o sitio onde imos situar o botón.	Coa nosa axuda o nenx pincha a tea co punzón e logo coloca as pezas no burato.	Apretamos coas tenazas. Comprobamos que o enganche esté ben asustado e o probamos.
11. Contamos alimentos.	Expoñemos o panel no chan, os dados e o beebot.	Por turnos, cada nenx ten que tirar os dados e atopar ese número de alimentos na casilla correspondente para levar alí o beebot.		
12. Pintamos teas.	Dispoñemos as teas tinguidas e os rotuladores téxtis.	Cada nenx encárgase de debuxar e escribir libremente cubrindo a tea.		
13. Círculo benvida e explicación das estacións.	Sentámonos no círculo co obxecto da palabra.	Lembramos entre todxs o que fixemos na sesión anterior.	Ensinamos o panel scrum e imos vendo que imos aprender en cada estación.	Repartímonos por grupos nas estacións de traballo.
14. Pintamos teas	Dispoñemos as teas tinguidas e os rotuladores téxtis.	Cada nenx encárgase de debuxar e escribir libremente cubrindo a tea.		
15. Acuarelas de lombarda.	Ensinamos todos os elementos cos que imos facer as acuarelas.	Explicamos que a lombarda ten a propiedade de cambiar de cor cando se	Con esas cores imos pintar. Son cores suaves que se chaman acuarelas porque levan moita auga.	Repartimos cuartillas de cartolina branca para que en cada grupo pinte coas acuarelas.

	Tintura de lombarda (lombarda cocida durante horas). Xabón de Marsella, cinzas e xugo de limón.	mestura con outras sustancias.		
16. Anudamos tiras de tea nos bastóns.	Imos facer bastóns inspirados nos que levaban no carnaval de Venecia con tea e paos de madeira.	Collemos as tiras de tea que cortamos e rasgamos e aprendemos a anudalas nos paos de madeira.	Imos alternando teas de cores diferentes.	
17. Pintamos os remates dos bastóns.	Para decorar as puntas dos bastóns temos bolas que imos pintar e tamén trozos de cartóns reciclados.	Poñemos distintas pinturas e varios pinceis en cada cor. Conforme imos cambiando de cor cambiamos de pincel para non mesturar as cores.	Cando rematamos de pintar as bolas e os cartóns poñémoslle purpurinas e os deixamos secar.	
18. Recortamos tiras de teas e rasgamos.	Poñemos nas mesas retais de teas diferentes e unha caixa con tesoiras.	Facemos un pequeno corte coas tesoiras con moi pouca distancia dende o extremo para facer tiras. Logo rasgamos con forza.	Imos gardando as tiras para a estación na que decoramos os bastóns.	
19. Círculo benvida e explicación das estacións.	Sentámonos no círculo co obxecto da palabra.	Lembramos entre todxs o que fixemos na sesión anterior.	Ensinamos o panel scrum e imos vendo que imos aprender en cada estación.	Repartímonos por grupos nas estacións de traballo.
20. Rematamos os bastóns.	As bolas que pintamos xa están secas e temos que poñelas nas puntas dos bastóns.	No burato que fixo o lápis que utilizamos clavado para collelas imos metendo o pao ata que quede suxeito.	Cunha pistola de silicona imos selando ao redor das bolas contra o pao para que queden fixas.	
21. Disfrazámonos e facemos desfile.	Collemos as capas e os complementos disfrazámonos.	Facémonos fotos en equipo e os ipads.	Imos de visita por algunhas clases facendo un desfile polos corredores do cole.	

22. Círculo final.	Sentámonos no círculo co obxecto da palabra.	Respondemos no círculo para rematar a pregunta: Cal foi a túa actividade preferida nesta tarefa?		
---------------------------	--	---	--	--

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)				
ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMIENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
1. Presentación da tarefa.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Gran grupo (20 a 21 nenxs)	Panel scrum. Obxecto da palabra. Pantalla dixital. Presentación canva.	S1- Martes 9:30-10:00
2. Trivial contaminación téxtil co beebot.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 1	Beebot e panel con ilustracións do contido do video de contaminación na industria téxtil.	S1- Martes 10:00-10:10
3. Memory Venecia.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 2 e 3	Parellas de tarxetas plastificadas con elementos típicos de Venecia.	S1- Martes 10.10-10:20
4. Tinguir teas	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 4	Lombarda, remolacha, raíz de cúrcuma e cúrcuma en pó. Cociña. Pota con auga. Mordientes: sal, vinagre, limón e bicarbonato de sodio.	S1-Martes 10:20-10.30
5. Deseños venecianos.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) restación 5	Patróns xeométricos de tea de arlequín para colorear seguindo unha serie de dúas cores.	S1-Martes 10:30-10:40

6. Xogo de emparellar pigmentos cos alimentos.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Gran grupo (20 a 21 nenxs)	Tarxetas con pigmentos pintados e alimentos para emparellar.	S1-Martes 10:40-10:50
7. Círculo de benvida recordando o obxectivo da tarefa. Explicación no panel scrum do traballo por estacións.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 1	Obxecto palabra. Panel scrum cos debuxos das estacións.	S2-Xoves 9:30-10
8. Pintar círculos concéntricos cun brillante no centro.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 2	Teas reutilizadas tinguidas. Rotuladores téxtis. Brillantes adhesivos. Modelo impreso.	S2-Xoves 10:00-10:10
9. Cortamos as telas pintadas para facer as capas.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 3 e 4	Tesoiras, alfinetes e metro.	S2-Xoves 10:10-10:20
10. Poñemos botóns.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 5	Kit de botóns automáticos. Teas reutilizadas xa decoradas.	S2-Xoves 10:20-10:30
11. Contamos alimentos.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 1	Panel alimentos. Beebot. Dados.	S2-Xoves 10:30-10:40
12. Pintamos as teas.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 2	Teas reutilizadas tinguidas. Rotuladores téxtis.	S2-Xoves 10:40-10:50

13. Círculo de benvida e explicación do traballo por estacións.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 3	Obxecto da palabra.	S3-Martes 9:30-10:00
14. Pintamos teas.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 4	Pinceis variados. Pinturas acrílicas. Paletas feitas con envases reciclados. Bote con auga.	S3-Martes 10:00-10:10
15. Acuarelas de lombarda.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 5	Teas reutilizadas diferentes. Tesoiras. Envases reutilizados.	S3-Martes 10:10-10:20
16. Anudamos tiras de tea nos bastóns de madeira.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 5	Tiras de tea reutilizada. Bastóns de madeira.	S3-Martes 10:20-10:30
17. Pintamos os remates dos bastóns.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 5	Cartóns de envases reciclados. Adornos poliespán. Pinturas acrílicas. Pinceis. Purpurina.	S3-Martes 10:30-10:40
18. Pintamos capas con debuxo libre.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Equipos (de 4 a 5 nenxs) estación 5	Capas xa cortadas. Rotuladores téxtis.	S3-Martes 10:40-10:50
19. Círculo e explicación do que imos facer na sesión.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Gran grupo (20 a 21 nenxs)	Obxecto da palabra.	S4-Xoves 9:30-10:00
20. Rematamos os bastóns.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	2 Equipos (10 a 11 nenxs)	Bastóns. Teas reutilizadas. Remates pintados.	S4-Xoves 10:00-10:20

			Pistola silicona.	
21. Disfrazámosnos e facemos un desfile.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	2 Equipos (10 a 11 nenxs)	Capas, máscaras e bastóns. Ipad para facer fotos.	S4-Xoves 10:20-10:40
22. Círculo final.	3, 4, 5 anos e 1º de educación primaria. Aula de 1º	Gran grupo (20 a 21 nenxs)	Obxecto da palabra.	S4-Xoves 10:40-10:50

5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de valoración - Rexistro da observación directa 	<p>Como?: mediante a observación directa e sistemática</p> <p>Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
PRÁCTICA DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Ficha de recollida de información: https://docs.google.com/presentation/d/1Qh9sZSdFAyD3VZeKO9GPfP0r01XR1sMa/edit?usp=share_link&oid=114554059693774750759&rtpof=true&sd=true 	<p>Como?: cumprimentando a ficha.</p> <p>Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos..</p>